

BAIXO MIÑO

Marta Dacosta Alonso

Unha iniciativa da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega

Polas características técnicas de esta edición:

© Polo texto: Marta Dacosta Alonso

© Polas fotografías: Paco Vilabarro, Gore Vázquez, Alfredo López “Tokio”, Marta Dacosta e Wikipedia

© Promocións Culturais Galegas, S.A.

Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas, S. A.
4780-583 Santo Tirso

I.S.B.N.: 978-84-8341-330-2

Depósito legal: VG 331-2009

TERRAS DO BAIXO MIÑO

Viaxe polas terras do Baixo Miño, unha liña que une dous pobos e mantén vivo o patrimonio común, por riba das diferencias administrativas, un camiño polo que mirar cara a atrás, cara a nós mesmos, ese pobo antigo que atopou neste lugar extremo o seu paraíso.

Marta Dacosta Alonso

“... alá na bretemosa foz do Miño, entre rochedos ríspidos e loiros areais por onde se alonga a saída do val ata o mar, fero e bruador. Alá viven os que á vez son labregos e pescadores, segundo os meses do ano ou as horas do día, trocando os brazos do arado polo remo desas gamelas sardiñeiras de tan atrevidos abalares, e outras vegadas nas doces sin-

graduras polo río, nos barcos pretos de empinada proa, nesas pesquerías á fisga, tresmallo, alcharife, nas arelantes procuras das sollas, sables e lampreas. Aí hai nova vida, por esa barra de saudades que cando está en cerrazón sabe o labrador que vai chover; esa foz que ao solpor cruzan en V as bandadas de patos e mazaricos, bico ás brumas misteriosas do alén.”

Eliseo Alonso, *Contos do Miño*, 2001.



O Baixo Miño é unha comarca situada ao sur de Galiza, bañada polo río Miño que realiza a función de ser a fronteira natural con Portugal. Unha fronteira que non é tal, como o demostra a continuidade lingüística que nos permite atopar nestas terras trazos fonéticos, léxicos e morfosintácticos, como o “teísmo” ou ausencia do pronome che, que se aseme llan máis do portugués padrón ca do galego normativo.

Seguen en pé as fortalezas que dan fe dun pasado de enfrontamentos. Estas fortalezas son a herdanza dun tempo en que se deberon fixar as fronteiras, diferenciados xa os estados de Portugal e España, e os ataques portugueses ou españois levaron a que nun e noutro lado comezasen edificarse estas fortificacións. Constrúense así no Baixo Miño as de Tui, Amorín, Goián e A Guarda,

BAIXO MIÑO

completándose esta liña co Mosteiro de Oia. As mesmas fortalezas que en épocas máis recentes permitiron o paso do contrabando e con el o nacemento de toda unha literatura oral que dá conta deste ir e vir polas calmas augas do río, levando como equipaxe bacallau, café, sal ou tabaco.

Unha das singularidades da comarca son as distintas variantes lingüísticas que nela



Fortaleza de Tui

podemos atopar, merecendo mención especial o caso de Goián, que sobresaie pola ditonxación do /é/: castialo, fiasta, canciala. Porque a comarca é suficientemente extensa como para acoller diferentes variantes no seu percurso, e mesmo unha fala gremial: o cavaqueiro, a fala dos tilleiros do Rosal que desde estas terras viaxaban a traballar a Castela.

O Baixo Miño está composto polos concellos de Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia. Historicamente estivo ligado ao Mosteiro de Oia, que aforaba as terras de toda esta comarca e do Val Miñor, e formou parte da provincia de Tui, con capital na vila do mesmo nome. O relevo administrativo de Tui pode comprobarse aínda na vila, pois conserva un fermoso casco histórico de rúas empedradas e estreitas e unha catedral fortaleza.

Esta comarca, xunto coa do Val Miñor, é das que conta co maior número de manifestación da arte prehistórica en Galiza: petróglifos, mámoas e castros. Ademais do coñecido castro de Santa Tegra, na Guarda, ou do menos coñecido do Alto dos Cubos en Tui, merecen especial mención os petróglifos do Monte Tetón en Tebra.

Caracterízase tamén pola benignidade do seu clima que provoca, especialmente no concello do Rosal, unha riqueza produtiva da terra que non só dá lugar a viños de calidade, senón que tamén produce froitas, vexetais e flores, polo que na nosa viaxe por esta comarca veremos varias adegas e invernadoiros. A gastronomía é tamén xenerosa, as angulas, a lamprea, ou o sable ou zamborca, son algúns dos produtos do río; na Guarda poderemos degustar a lagosta, que conta con festa gastronómica, igual có peixe espada que se desembarca maioritariamente neste porto. Festa gastronómica ten tamén a rosca de xema, propia da Guarda, ou a rosca de roxóns, do Tamuxe e da parroquia de Pías, no Rosal.

O Baixo Miño conta con dous espazos protexidos, a serra da Groba e a serra do Argallo, dous espazos esgrevios en que aínda é posíbel ver gando salvaxe, o mesmo gando que logo será reunido nos curros ou rapas das bestas, e co parque natural do Aloia. Trátase, por tanto, dunha comarca con importantes valores naturais e paisaxísticos.

Iniciemos, pois, o noso percorrido na capital da provincia que foi, beireando en primeiro lugar as ribeiras do Miño. O nome do Miño debe proceder de *minio*, e polo tanto tería que ver coa presenza deste elemento nas súas augas. Segundo Eladio Rodríguez este era tamén o nome dun deus adorado polos romanos, un deus que se representaría con peixes ao redor da cabeza, tal e como se atopou nun mosaico dunha casa de Lugo.

O río canta en silencio ao noso paso, é un río de nome colorado e metálico, que bautiza a rede con que se pesca o sable, un dos seus froitos máis saborosos. Na súa ribeira gozaremos da mansedume das augas e, cando nos acheguemos á súa fin, da fermosura das súas illas, as mesmas que cantou Manuel María no “Poema das illas”, no seu libro *O Miño canle de luz e néboa*.

*Ínsuas maiores e menores: decorades
o río...*

*Inconmovibles:
recibides o agarimo da auga:*

...

Caldelas de Tui e a Bohega...!

BAIXO MIÑO

*Ouh Illa dos Amores en Goián:
¿onde os soños ousados e felices
que levamos a arder no corazón?*



TUI

*“En Tui escoita-me o rio onde nasce a Muller Mariña
cal sexa o seu nome.*

*Chuva miúda de primavera atravesa a visión, construí
a cidade, é o teu nome.*

*A lua mingua, ilumina a Catedral no vixesimo-cuarto
dia,*

garda imaxes procesionais nos seus ollos vacíos.

*Pintamos en azuis de seda o sosego das casas onde
nasce o limoeiro.”*

Cesáreo Sánchez Iglesias, *O rumor do distante*.

Entramos en Tui desde A Louríña, camiñando en sentido oeste. Ao pouco de entrar no concello tomaremos un desvío á man esquerda

BAIXO MIÑO

para visitar o **monumento aos Mártires de Sobredo**, que está sinalizado ao inicio deste desvío. O monumento está a uns dous quilómetros do cruce, ao pé do monte. Este monumento foi erguido para rememorar a matanza dos labregos que tivo lugar en 1922, nese mesmo lugar, no contexto das mobilizacións pola abolición do réxime foral. Foi unha loita que se desenvolveu entre 1917 e



Escultura de Xoán Oliveira

1923 e que rematou por dar os seus froitos. Neste monumento, todos os anos, o día 28 de novembro, a data en que aconteceron os feitos, as comunidades de montes veñen celebrando un acto reivindicativo da memoria dos labregos asasinados.

Volvemos á estrada principal para tomar o desvío a Guillarei, outra vez á esquerda, e dirixirnos a **Caldelas de Tui**. Nesta parroquia con tan ilustrativo nome, houbo baños termais polo menos desde o século XVII, construíndose o hotel-balneario en 1889 e acadando o seu máximo esplendor antes de 1936. As persoas que a visiten poderán facer unha paradía para gozar deste descanso. Nesta zona, na parroquia de **Paramos**, ten a súa casa e obradoiro o escultor Silverio Rivas.

Desde a estrada principal, despois de saír do cruce para Guillarei, atoparemos en dirección oeste un novo cruce á esquerda que nos



Monumento aos mártires de Sobredo

BAIXO MIÑO

leva até o núcleo da parroquia de **Rebordáns**, onde é recomendábel a visitar igrexa de San Bartolomé de Rebordáns, no lugar de Outeiro, construída sobre unha antiga necrópole romana na época sueva e que, na alta Idade Media, chegou ser mosteiro. Aquí estivo a sé episcopal até o seu traslado definitivo á catedral-fortaleza en 1170. Ao visitala debemos pararnos a reparar tamén no cruceiro que está situado no seu acceso, construído en 1770.



Catedral de Tui

Finalmente chegamos ao núcleo urbano de Tui, ao chegar á escultura dos cabalos da autoría do escultor tudense Xoán Oliveira, desviarémonos á esquerda para baixar pola alameda, ao final da cal atoparemos o **monumento ás vítimas do franquismo**, obra de Silverio Rivas promovida pola Comisión pola memoria histórica do Baixo Miño. Tamén aquí esta entidade vén realizando actos en memoria das vítimas da guerra civil, na vila que foi un dos lugares en que a represión actuou con máis dureza.

Estamos en **Tui**, a que foi capital da provincia do mesmo nome. Chegaba a provincia de Tui ao nacemento da ría de Vigo e no século XVIII tiña a maior densidade de poboación de Galicia; nela celebráranse as xuntas do Reino de Galicia en 1664. Tui foi desde os primeiros anos da romanización un importante centro militar e sé episcopal desde o século V, en época sueva. De feito



Monumento ás vítimas do franquismo

tiña a categoría de capital do reino de Rekiamundo (458-463), e a parroquia de Pazos de Reis debe o seu nome a que nela estaba situado o pazo de Monterreal, do rei godo Witiza. Por este mesmo motivo foi obxecto de saqueos ao longo do tempo (árabes, normandos, portugueses) e foi restaurada polo rei D. García e Dona Urraca.

No ano 1170 a sé localízase definitivamente na actual catedral que nesa altura sofre as modificacións necesarias para ser tamén fortaleza, por mandato de Fernando II. A catedral foi construída entre os anos 1120 e 1180, é de estilo románico e contén elementos de estilo gótico na fachada, sendo esta a primeira construción de estilo gótico da Península, datada en 1225.

Debemos visitar o **Aloia**, o maxestoso monte que durante moito tempo foi identificado co Medulio, un Medulio desde o que os nosos pais vixiaban a chegada do Miño ao mar e esculcaban en todas as direccións para previr en ataques inimigos. O Aloia é Parque



Natural desde 1978 e Sitio Natural de interese nacional desde 1935.

Unha das tradicións desta contorna é subir camiñando en romaría o día de San Xián, o primeiro de xullo. Hai quen aínda lembra que moitas persoas levaban as tellas da casa na cabeza e andaban monte arriba para pór remedio á cefalalxia. Un dos camiños procede de Gondomar, con inicio en distintas parroquias e percorrendo as abas do Galiñeiro, que co Aloia forma unha serra que marca un dos límites do sur de Galiza. Quen faga este camiño poderá visitar a Pedra do Acordo, en Prado (Morgadáns, Gondomar). Trátase dunha columna pentagonal de escasa altura cunha inscrición en cada cara; está oculta, entre a maleza e apartada do camiño, xusto onde se xuntan os concellos de Tui, Gondomar e O Porriño. Non é doada de atopar, a pesar do pequeno letreiro que nola indica, o que quizais teña posibilitado que siga a permanecer no mesmo lugar.



Pedra do Acordo

BAIXO MIÑO

No Aloia atopamos a ermida de San Xián, templo románico reconstruído no ano 1713, e diante do cal descende unha enorme escalinata que baixa até a fonte do santo. Desde aquí podemos subir ao miradoiro do Enxeñeiro Areses, para despois continuar cara ao construído sobre o castelo, un cúmulo de penedos que se eleva nesa zona do monte. Mentres estamos nestes miradoiros deleitámonos coas vistas que desde aquí se nos ofrecen, e cismamos cal foi o pasado dese



Cama de San Xián

lugar, se este sería realmente o Medulio, co que coincide no seu valor de atalaia (desde os seus miradoiros podemos divisar boa parte do Condado, toda a ribeira do Miño até a Guarda e o concello de Gondomar e O Porriño). Por certo que non moi lonxe está o enigmático e singular petróglifo de *Auga da laxe* (na aba do Galiñeiro), que mesmo parecese o lugar de adestramento daqueles bravos devanceiros.

Ao baixar do miradoiro poderemos admirar a extraordinaria ordenación das pedras, unha destas formacións foi bautizada polas crenzas populares como cama de S. Xián, onde non medra a herba, e a algunha delas se lle atribúen determinadas propiedades curativas. Tamén din as lendas que as eguas do Aloia son fecundadas polo vento. Finalmente dirixirémonos cara á Gran Cruz, miradoiro desde onde poderemos contemplar o río Miño dende Tui até a Guarda.

Seguindo a estrada en dirección a Tui, dirixirémonos ao Centro de interpretación da natureza emprazado na casa forestal deseñada polo enxeñeiro Areses e construída en 1921. Nela poderemos recoller diversa información sobre este parque natural, en concreto sobre

BAIXO MIÑO

as especies botánicas que nel atopamos, ou sobre as distintas rutas de sendeirismo que se poden realizar. A continuación veremos os restos da muralla ciclópea e pasearemos pola senda botánica na que atopamos, polo menos, vinte especies vexetais diferentes, entre elas o abruñeiro, o capudre e o érbedo.

Para rematar a nosa xeira, poderemos dirixirnos ao Alto dos Cubos, para visitar os restos do poboado protohistórico que están en fase de escavación. Desde alí volveremos os nosos ollos cara ao Aloia, e sentirémonos orgullosos do pasado que nos revela.



Hermida de San Xián



Vistas desde o miradoiro da Gran Cruz

Na vila, cada pedra conta a historia desde a chegada dos romanos aos nosos días, unha historia de loita contra o tempo e contra o home. Nas rúas de Tui unha persoa pode ter a sensación de escoitar os ruídos de antano e imaxinar ao Vizconde de Tui e Conde de Camiña, Pedro Madruga, tal e como nolo lembra Xoán Bernárdez Vilar na súa novela *Un home de Vilameán*, urdindo a derrota dos irmandiños. A novela de Bernárdez está ambientada na época da revolta irmandiña e os seus protagonistas percorren as terras de Tui e Oia.

Tamén poderemos sentir no máis fondo os laios dos que morreron, a despedida de Darío Alvarez Limeses, a través dos poemas de

Xosé María Álvarez Cáccamo no seu libro *Os cadernos da ira*, que deixan constancia das atrocidades cometidas en Tui durante o golpe militar de Franco. No arquivo da Catedral están depositados documentos, moitos agardando a seren exhumados, que dan conta da crueldade daqueles días. Tamén se gardan aquí algúns dos sambenitos impostos pola Inquisición.

*“En Tui, trinta de outubro,
diligencia acredita
execución: Alejo,
Manuel, Darío,
Serafín e José,
ás seis cuarenta e cinco
pasados polas armas...”*

Xosé María Álvarez Cáccamo,
Os cadernos da ira, 1999.

En Tui naceu Xosé María Álvarez Blázquez, no ano 1915, quen iniciou a súa carreira literaria publicando nalgún xornal da vila, por volta dos anos 30. Nesta vila foi asasinado o seu pai, Darío Álvarez Limeses o 30 de outubro de 1936, sendo o propio Álvarez

Blazquez un de tantos mestres represaliados. Son varais as obras súas en que aparecen referencias a esta comarca e concretamente á vila de Tui, como o poema “Tyde” publicado no libro *Abril* (1932). Este poeta e ensaísta, a quen se lle dedicou o Día das Letras galegas de 2008, foi cofundador da editorial Castrelos.

En Tui reside actualmente a escritora Marga do Val autora da novela *O prognóstico da lúa* en que os seus protagonistas percorren a comarca en noites de festa. A cidade de Tui aparece nalgún dos poemas desta escritora mosense, así no titulado “Noticia da cidade da lúa transparente”:



BAIXO MIÑO

*“Alá no fondo da Corredoura tenda tasca e
casa de comidas tamén cortes
E detrás hortas de nabais onde pastaban
os cabalos de Tomiño”*

O 24 de xullo de 1891, Alfredo Brañas saudaba a vila de Tui:

*“¡Ouh nobre e vetusta cibdade de Tui, eu
che saludo coa máis tola alegría, porque fu-*



Ponte Tui-Valença

ches a primeira que tiveches a fortuna de dar comenzo a esta novísima idade de reconstitución e organización da nacionalidade galiciana!”

Brañas e Murguía dirixíanse aos asistentes aos Xogos Florais que se inauguraban na “máis antiga cibdade da terra gallega”, Tui. A nosa lingua e a nosa cultura renacían, e a vila miñota era testemuña de excepción, no Teatro Principal, situado na praza de Frómista, un dos máis antigos de Galiza, construído en 1844 e hoxe adquirido por unha fundación privada nacida da iniciativa popular para procurar a súa rehabilitación. Diante do teatro realizou a Real Academia Galega no ano 2006 a conmemoración dos Xogos Florais de 1891.

Tui está unida a Valença por unha ponte metálica inaugurada en 1886 e que tantas veces atravesamos, é a ponte máis antiga da comarca, un símbolo metálico dunha unión máis profunda, a do noso patrimonio, ese patrimonio oral e inmaterial que a asociación cultural *Ponte nas ondas...!* está a promover como patrimonio da humanidade, o que

BAIXO MIÑO

agardamos que suceda o antes posíbel, pois estas terras miñotas, o Baixo Miño galego e o Alto Miño portugués, son en realidade un mesmo lugar, a expresión máis exacta de canto temos en común ao longo do Atlántico peninsular.



TOMIÑO

*“... estou tranquilo, deitado a sestar,
O Miño derrubando a umbría das súas augas
No límite impreciso dalgún vello salgueiro,
Agosto culminado no centro do horizonte.”*

Manuel Forcadela, *Morte do fadista*

En Tomiño naceu o poeta Manuel Forcadela, na parroquia do mesmo nome co que asina os seus libros. O río, tal vez o río Miño como neste poema, está presente na súa obra, así no título do seu primeiro libro *Ferida acústica de río*. Na **escola de Forcadela** foron mestres a parella Josefa García Segret e Hipólito García Camarero. Tras o golpe militar do 36, el foi paseado e ela presa. Esta mestra foi

BAIXO MIÑO

autora do libro *Abajo las dictaduras* publicado en Vigo en 1982, hoxe esgotado.

Entramos en Tomiño por Sobrada e Amorín, onde se encontra o Forte da fraga. Dirixímonos ao centro do concello. Antes de chegar, podemos visitar á nosa dereita (a 950 metros desde o cruce entre a estrada que vén de Tui e a que se dirixe ao interior de Tomiño) a escola **Aurora del Porvenir**, construída polos tomiñeses emigrados en América e que foi dirixida por Antón Alonso Ríos. Merece ser visitada e saber que nela o deputado agrarista non só exerceu o seu maxisterio, se-



Escola Aurora del Porvenir

nón que tamén pensou nun sistema educativo galego que atendese as peculiaridades do noso país. Ao producirse o golpe militar en 1936 vese obrigado a fuxir, e faino baixo a aparencia dun mendigo portugués, que daquela cruzaba a fronteira cara a Galiza, adoptando o nome de Señor Afranio. Baixo esta aparencia estivo agochado moito tempo na comarca, por exemplo na aldea de Burgueira, aínda hoxe un lugar apartado, mais que debemos visitar para coñecer a zona alta da comarca, xa na serra da Groba, e comprobar a parte máis esgrevia destas terras do sur. Alonso Ríos escribiu un libro de memorias, *O señor Afranio ou como me rispei das gaudoupas da morte*, onde dá conta da súa fuxida despois do golpe militar, até embarcar cara a terras americanas.

“(Alonso Ríos) Viña nomeado director da “Escuela del Porvenir” en Tomiño, escola creada e sostida polos emigrados da Arxenti-



BAIXO MIÑO

na. Á fronte dela permanecería dende 1931 a 1936... Dende Tomiño... viaxaba pola provincia, sempre entusiasta, ledado, tesado no andar e no dicir, aberto na ollada, realista nos xuízos. .. Tiña fe no trunfo do ideal redentor de Galicia e pouco lle importaba os atrancos que de momento houbera no camiño.”

Xosé María Álvarez Blázquez,
“Prólogo”, *O señor Afranio*, 1996.

Xusto onde se inicia o casco urbano de Tomiño tomaremos unha estrada á nosa esquerda para visitar a igrexa de Santa María,



Torre de Tebra



Igrexa de Santa María

edificio románico do século XII que foi a igrexa dun mosteiro de freiras beneditinas. O aspecto actual foille conferido polas obras que se realizaron nos inicios do XIX.

A praza do Seixo é o centro de Tomiño, nela está a casa do Concello e o mercado, ateigado os mércores que é aquí o día da feira. Desde aquí e pola estrada que vai cara a Gondomar podemos dirixinos ás parroquias

de Tebra, San Salvador e Santa María, nesta última está situada a Torre de Tebra. Sabemos da súa existencia desde o ano 1211 aproximadamente. É monumento que lembra que estas terras pertencían ao señorío de Tebra durante a época feudal. Reedificouse en 1353, no lugar de Samuelle, foi derrubada na revolta irmandiña e erguida de novo por Pedro Madruga, por volta de 1478, para ser demolida novamente polos Reis Católicos en 1482. Trátase, pois, dunha testemuña pétreas dos conflitos políticos na Galiza altomedieval: revolta dos irmandiños, represión pola nobreza galega e erradicación da nobreza autóctona polos Reis Católicos no seu proceso de dominación de Galiza. Na actualidade a torre está no lugar de Outeiro, foi reconstruída ao estilo renacentista posteriormente a 1532, a petición de don Álvaro Suárez de Deza, sendo raíña Juana “la Loca”. Hoxe é de propiedade privada e non se pode visitar.

Continuando pola mesma estrada en dirección a Gondomar, no alto de Couso, no límite entre os concellos de Tomiño e Gondomar, tomaremos unha pista forestal á man dereita, dirixímonos ao pé do monte



Fortaleza de Vila Nova de Cerveira

Tetón. Alí, nun descampado de rochas, atópanse os petróglifos do monte Tetón.

Outra vez á beira do río e en dirección oeste, antes de chegar a Goián, podemos atravesar a ponte sobre o Miño para dirixirnos á fortaleza de Vila Nova de Cerveira desde onde podemos divisar a costa galega do río. Tamén podemos parar nesta praciña de Vila Nova que parece estar sempre ao sol, e volver á estrada cara a Goián. Nesta parroquia sitúa Agustín Fernández Paz a acción da súa novela *Aire negro*.

“... o lugar onde está radicada é excepcional: un pazo magnífico a poucos quilómetros de Goián, situado no máis alto dun outeiro que



Forte de San Lourenzo

baixa suavemente ata as beiras do Miño, xusto fronte ás pequenas illas da Boega e Vacariza, e con Vila Nova de Cerveira ollándonos desde a banda portuguesa. Trátase dun edificio cargado de historia...”

Son as instalacións do centro psiquiátrico en que o doutor protagonista coñece a Laura Novo, a muller que quedou sen fala despois de vivir unha experiencia terríbel, algo que se nos irá descubrindo ao longo da novela, nun ambiente abafante e negro.

Deberemos visitar o Forte de San Lourenzo,

construído en 1644 por orde de Henrique IV, sendo o responsábel desta primeira construción o capitán xeneral de Galicia, Marqués de Távora. Goián, como A Guarda, estivo baixo dominio portugués entre os anos 1664 e 1668, reforzándose a fortificación con posterioridade a esta data. Formaba parte do sistema defensivo Goián-Vilanova de Cerveira. Imaxinamos asaltos e rifas entre veciños, galegos e portugueses que logo compartiron a fiasta, que un ano se celebraba en Goián, no Forte de San Lourenzo, e outro en Vila Nova, polos mesmos camiños que antano pasou o estraperlo. Aquí escoitaremos a peculiar fala de Goián coa súa ditongación característica: cancialas, fiastas, xiastas, castialos.

En Goián naceu Eliseo Alonso, o escritor que conmemora a Asociación Cultural tomando o seu nome.

*“Ouh qué pantasma tan branco es, aldea miña,
baixo esta lúa xeada do xaneiro campesiño.”*

Eliseo Alonso,
A fronteira comunicante.

Eliseo Alonso levou estas terras miñotas á páxina impresa nos *Contos do Miño*, escritos en terras americanas e que mereceron a admiración de Blanco Amor e Otero Pedrayo, ou no libro sobre os pescadores do río Miño, onde dá conta literaria e gráfica do labor das xentes miñotas, pescadoras ou labregas segundo os meses do ano, como el mesmo di.

En Goián debemos para a tomar un café na cantina do Centro Goianés. O centro data de abril de 1914, sendo clausurado co inicio da Guerra Civil, momento en que tamén foi queimada parte da súa biblioteca. Reábrese en 1940 e até o 1953 é o centro social máis activo de toda a comarca. Refórmase en 1952, momento en que se constrúe o primeiro andar, onde se sitúa o salón de actos. Durante a década dos 80 naceron no centro diferentes entidades asociativas. Trátase, pois, dun dos centros máis dinámicos socialmente na comarca.



O ROSAL

*No outo da mariña voan ceibas as gaivotas
e a Galicia ancha ule rente ao mar coma
unha moza:
Terra da Miranda e As Frieiras, Rosal e Xallas,
...
Todas vós sodes un colo cun meniño roibo
de trigo e de centeo labrado nas devesas.*

Xosé Vázquez Pintor,
O espertar tamén é noso.

Entramos no Rosal por Tabagón, no alto atoparemos un miradoiro, **o calvario de Tabagón**, cun cruceiro en que vemos as tres cruces do calvario e desde o que podemos observar unha fermosa panorámica sobre estas terras rosaleiras, a ribeira portuguesa e a



Igrexa de Santa Martiña do Rosal

desembocadura do río. Se todo o Baixo Miño é unha terra fértil e de benigno clima, O Rosal éo aínda máis. É terra de inverna-
doiros en que parece posíbel cultivar calque-
ra cousa, e onde se crían os mirabeis, esa misteriosa froita procedente da Selva Negra (Alemaña) e que vén ser unha pequena ameixa de cor verde amarelada. Tamén nacen aquí uns saborosos viños, por iso no Rosal poderemos visitar varias adegas, moitas delas situadas en casas restauradas de grande beleza.

Varios restos arqueolóxicos dan conta de que estas terras estiveron poboadas de antigo: petróglifos da Portela, Torroso, Chan do Rei, A Valga; xacementos castrexos en Parada, Picón ou Pombal, unha ara romana dedicada ao deus Mercurio, ou os sepulcros visigóticos antropomorfos, feitos en pedra e que deberon pertencer a un santuario medieval. Destacaremos tamén a igrexa de Santa Mariña do Rosal de orixe románica (século XII) e que conta con frescos de finais do XIX pintados polo guardés Manuel Ángel.

No Rosal os veciños e veciñas tamén teñen un xeito particular de falar, non só pola existencia de voces xa claramente portuguesas, senón tamén pola presenza na fala de voces do cabaqueiro. Esta fala gremial foi estudada por Feliciano Trigo Díaz, é o “verbo”, a fala gremial dos tilleiros, ou sexa, dos cabaqueiros. Feliciano Trigo é un crego que andou a estudar as falas gremiais, tentando salvar as súas almas do inferno do esquecemento, así deu conta do “latín dos cabaqueiros” ou “latín dos daordes”, que el atribúe ao Rosal, Oia e a Guarda, o “latín dos chafoutas” (albaneis), que sitúa en Goián, e o “latín

BAIXO MIÑO

dos bogardeiros” ou “latín dos anxos”, que vén ser a fala dos cesteiros e que sitúa en terras do Miño, Mondariz e Cernadela. A actividade dos tilleiros ou cabaqueiros foi de grande importancia neste concello, trasladábanse a onde os chamaban, moitas veces a Castela, e alí fabricaban as tellas e colocábanas. Unha escultura do tomiñés Xosé Antúnez Pousa, situada na praza do Calvario, no centro do Rosal, homenaxea este oficio. Desde 1987, todos os 12 de outubro celébrase a festa do Cabaqueiro.



Elaboración do arco de San Brais en Tabagón

*“Jalleiriña, Jalleiriña,
Jalleira da volandina;
cual te acatis jiparia
para ajuzar o xido terris
da xida Daordaria”*

*(“Galiza, Galiza, // Galiza da miña alma;
// desexo fuxir de aquí // para ver a fermosa terra // da miña Daordaria”)*

En San Xoán de Tabagón, por San Brais, poderemos ver o arco de 14 metros de alto que abre o camiño á igrexa, levantado con esforzo e adornado de “xiastas” (xestas) e flores, último testemuño dunha tradición que tiña unha maior extensión xeográfica.

Hai tempo que a beira é chaira, xunqueira e illa, mais agora descubrimos un gando que ignora lindes e fronteiras, cruza o río cara ás illas e volve á ribeira, sen entender de preitos administrativos e aproveitando o abalar do río que aquí, en Tabagón, é realmente xa marea. Estamos diante da illa da Canosa, lugar en que aterraban avionetas do exército sublevado, xa desde días antes ao inicio da Guerra Civil. Así o recolle Xoán Noia en *Fuxidos, memorias de un republicano gallego perse-*



Muíños de Picón e Folón

guido por el franquismo (editado en Caracas en 1976). Nesta obra comenta que o 16 de xullo de 1936 aterra na Canosa unha avione-ta que transporta dous homes que puideron pasar a Portugal. O piloto non soubo dicir quen eran, nin cara a onde se dirixiran. Esta falta de información fixo que medrasen as sospeitas, pensando mesmo que un dos pasaxeiros puidese ser o propio xeneral Sanjurjo.

Tras atravesar o Tamuxe, chegamos ao cruce que nos conduce ao centro do Concello, a praza do Calvario, desde alí podemos

dirixirnos cara aos muíños do Picón e do Folón, que aquí chaman *muños*, magnífica testemuña do aproveitamento da auga e do esforzo humano e unha moi recomendábel ruta para realizar camiñando. Datan dos séculos XVIII e XIX, sendo o máis antigo un dos muíños do Folón, datado no ano 1715. Están declarados Ben de Interese Cultural e son 61 muíños, 36 na ribeira do Folón, e 25 na do Picón, que xeraron ao redor da súa actividade toda unha cultura de base oral. Como verán os visitantes, estes muíños que polo seu número e disposición constitúen o conxunto máis singular de Galiza, están construídos na aba do monte seguindo a súa liña descendente, co que a auga ía caendo dun muíño a outro e podía aproveitarse unha e outra vez, usos estes cos que perde valor aquilo de que “auga pasada non move muíño”.

O Tamuxe baixa desde a Groba, para desembocar no Miño entre augas salobres, pois, como dicíamos, a influencia do mar xa chega a estas ribeiras. O río vén de Loureza, de quentarse ao sol nas pozas, tan fermosas coma as de Mougás, onde saberemos de lendas de damas.

BAIXO MIÑO

O Rosal é, por tanto, unha terra calorosa e fértil, e moi musical. A este concello pertence a Agrupación Musical do Rosal, presentada publicamente en 1986 e que conta cunha dilatada traxectoria e numerosos premios. Como noutros concellos galegos, esta agrupación é a cerna dos estudos musicais que ao redor dela se van artellando, a mellor maneira de ir introducindo na música aos rapaces e rapazas, que veñen ao Rosal desde outros concellos do Baixo Miño.



A GUARDA

“Neste periplo calado
-Saa, As Chabolas, Santiago,
Ribadavia, Ourense, A Guarda:

embarcadoiros lucíferos-
só me resta un porto místico
que chaman Alén ou Alba.”

Xosé Carlos Gómez Alfaro, *Mar aberto*.

A Guarda, malia o seu nome, non se deu gardado dos piratas, segundo nos conta Otero Pedrayo (*Guía de Galicia*). Situada na desembocadura do río Miño, porto de entrada a Galiza desde o sur, foi cobizada polos que procuraban que o comercio inglés non chegase a Portugal. Fala tamén Otero da romaría



Acceso monte Santa Tegra

do Tegra, unha romaría que pode ser anterior ao século XV e que tería as súas orixes nunha seca extrema. É curioso, será por iso que hoxe se celebra a festa do viño, onde nada fica enxoito e todo se tinxe de cor escura. Por iso, ou por rememorar un novo Medulio, agora no lugar en que morre o río.

Ao entrar na Guarda xa atopamos o acceso ao monte santa Tegra, onde se sitúa o castro do mesmo nome. Este castro é o monumento máis emblemático da Guarda, e un dos

castros mellor conservados de Galiza. Hoxe aínda podemos ver nel casas circulares, restos de muros e unha escalinata. Ademais, no museo do propio castro, inaugurado en 1953, podemos ver moitos dos achados atopados neste lugar. Destaca Otero Pedrayo que o máis interesante do castro son as esculturas e, entre elas, o petróglifo denominado *Laxe sagrada* ou *Laxe do mapa* que el interpreta como mapa do lugar.

O castro descubriuse en 1913, aínda que xa en 1892 se atopara unha escultura de Hércules no mesmo lugar. As escavacións realizadas parecen indicar que este castro data do século I d. C. No alto do monte atopamos un restaurante, nun edificio construído polo arquitecto galego Antonio Palacios, adquirido en 1943 pola Sociedad Pro-Monte, promotora da escavación do castro.

Na Guarda viviu o poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro, docente no colexio dos Pais Somascos. Tamén na Guarda naceu o escritor Francisco Álvarez, *Koki*, quen na actualidade reside en Nova York. A el pertence o seguinte fragmento, do libro *Alén da fronteira*:

*“Juan Sebastián Bach tocaba
mentras eu bañábame no Ganxes
e a miña sangue volviase escuma
pra chegar a cabalo de Neptuno
ata a praia da Area Grande.
no confín do paradiso de A Guarda.”*

Desde o Tegra podemos continuar cara ao centro da Guarda, virando á dereita e collendo en dirección á Alameda, ou virando á esquerda para, por Camposancos, dar toda a volta á vila e poder dar un paseo pola mesma desembocadura do río, desde onde nas tardes de verán comeza erguerse unha mesta néboa que cobre a vila. No noso percorrido por Camposancos poderemos ver algunhas das casas de indianos que tamén vimos ao entrar na vila da Guarda, ou en Tabagón, ao atravesar O Rosal. As casas foron edificadas entre os séculos XIX e XX e son unha mostra do poder económico dos seus propietarios e dos gustos adquiridos en América.

Cando baixamos do Monte Santa Tegra e nos diriximos a Camposancos, antes de tomar o cruce que vai á beira do río, podemos baixar en liña recta até a Pasaxe, onde está o

ferri que nos leva a Camiña. Alí está o edificio que se construíu para acoller o colexio do Xesuítas en 1875. Neste colexio, que chegou contar co máximo número de alumnos a finais do XIX, estudaron persoas como Ramón María Aller e outras destacadas personalidades. No ano 1914, os Xesuítas decidiron trasladarse a Vigo e o edificio foi ocupado polos Xesuítas portugueses que viñan de ser expulsados de Portugal. En 1932, a República española expropia o edificio. A partir de 1936, o goberno franquista devólvelle o edificio aos Xesuítas, máis inmediatamente requísao para instalar nel un campo de concentración ente os anos 1937 e 1939. Nel estiveron retidos presos galegos, casteláns, leoneses, cataláns ou vascos, mais fundamentalmente presos asturianos procedentes da Fronte Norte. Dise que desde entón o edificio non levantou cabeza, aínda que seguía cumprindo funcións educativas e reabriu o colexio nos anos 50.

Moitos daqueles presos e presas foron fusilados no muro do cemiterio da Guarda, situado na baixada cara a Camposancos, na Sangriña. Alí, en 1986, o pobo da Guarda,

ergueu un mausoleo conmemorativo en memoria de todos os asasinados, na mesma entrada do cemiterio. Din que onde hoxe están os colexios da Sangriña, aparecía a xente morta. Outros morreron tentando escapar, afogados na cruz das augas da desembocadura do Miño. A película documental *Memorial de Camposancos* de José Balesta e Miguel Anxo Fernández dá conta destes acontecementos.

Se tomamos o camiño da Alameda, veremos antes de chegar a ela, á nosa esquerda, unha casa indiana que foi construída con diñeiro enviado polos guardeses emigrados en América, e que inicialmente foi pensada para realizar as funcións de hospital e asilo, sendo na actualidade o centro cultural da Guarda onde se poden realizar diferentes actividades.

Visitaremos o porto, coas súas casas mesmo ao pé do mar e o seu grande espigón de abrigo. Ao final do espigón atópase a **Atalaia**, reprodución de menor tamaño da que realmente existiu alí e que foi elemento defensivo contra os piratas.

Dirixirémonos despois á **praza do Reloxo**



Porto. Atalaia

(o nome oficial é praza Maior), a praza en que se atopa a casa do Concello, a mesma casa que tivo nas súas proximidades un cárcere, do que non quedan restos, e unha torre de vixilancia derrubada polos Reis Católicos. Esta torre foi restabelecida por mandato do bispo de Tui, D. Diego Fernández de Torquemada, no século XVI. O reloxo que hoxe lle dá nome á torre e á praza non chegou ao seu emprazamento actual até 1920, ano en que foi doado polo indiano Adreini e Verde. Á esquerda da Casa do Concello consérvase a fachada da **Casa dos Alonsos**, edificio

emblemático que acolleu no seu día o colexio dos Pais Somascos. Entre estes dous edificios está a baixada ao porto pola mesma rúa que aínda conserva parte da muralla medieval. Na dirección oposta subimos cara á igrexa de Santa María da Asunción, unha igrexa que foi sufrindo distintas modificacións e ampliacións desde o remoto século XIII en que pode situarse a súa primeira construción. O seu aspecto actual pode ser cualificado de “moi portugués”, con esa fachada branca que data de 1784. Diante desta igrexa podemos pensar perfectamente que estamos do outro lado do Miño, mais non, estamos ao norte, ao pé do río, fundindo e confundindo esta identidade común, miñota, galega.

Na Guarda visitaremos tamén o **Forte de Santa Cruz**, construído despois da toma de Goián ao considerarse que era preciso pór obstáculos ao paso de tropas inimigas cara a Baiona. Foi construído entre os anos 1663 e 1664 aproveitando a muralla medieval. Mais isto non librou á Guarda de ser tomada polos portugueses no ataque do ano 1665, permanecendo baixo dominio portugués até 1668.



Praza do reloxo. Casa do Concello

Saíndo da Guarda en dirección a Oia, pasamos pola baixada á praia de Area grande, onde se atopa a rúa irmáns Noia Xil, en lembranza destes irmáns republicanos que foron represaliados durante a guerra civil.

Casas de sal agardan sobre as rochas
líquidos pés que a camiñar inviten
ronseis prateados de verdes esmeraldas
no día-lume de precipitantes horas.
E nas escuras cinzas do horizonte
buscan naufraxios que salvar
ou chaman

(inventadas sereas odisíacas)
mariñeiros perdidos nos anseios,
xordos de argazo
e de escamas.

Casas de cunchas brancuxas e douradas,
inclinadas sobre cerúleos prados,
en que beber a anguria do presente
agardando

(de tanto pasado).

Casas-gaivotas que non chegan a selo,
que perden plumas,
calvos esqueletos de voos estáticos;

casas de sal, de cunchas e de argazo,
que non son faro,
que non acollen,
que senten que o mar
se está afastando.

Marta Dacosta,
A Guarda, Crear o mar en Compostela

BAIXO MIÑO



OIA

“Contan as avoas de Santa María de Oia que escoitaron narrar ás súas avoas, a carón do lar nas noites de inverniá, que o domingo, 7 de xullo de 1835, dez soldados ao mando do brigadier Paulo de Osuna tiveron que derrubar as portas do mosteiro porque os frades se negaron a abrilas, e que a poboación penetrou no interior á procura deles achando absolutamente baleiras de moradores todas as estancias.”

Alfonso Alvarez Cáccamo,
O espírito de Broustenac.

Saltando entre os cons da costa, imos camiño de Oia. Percorreremos doce quilómetros por unha estrada que vai delimitando o borde da serra sobre o mar. Estamos ao pé do Argallo e hoxe é comprobábel a erosión

producida primeiro polo lume do verán de 2006 e logo polas enchentes dese inverno. Estes desastres quizais teñan rematado coa presenza do *dicksonia antarctica*, enorme fento arborescente con orixe no Xurásico, aínda que acubillamos a esperanza de que calquera día volva nacer de novo algún exemplar destes fentos que deberon ser plantados nesta zona polos monxes do mosteiro de Oia. Iso foi despois da marea negra do *Prestige*, no inverno de 2002 e 2003, en que o chapote chegou aos bolos da costa de Oia, especialmente a Mougás, unha desas zonas en que se concentraron os voluntarios e voluntarias para realizar labores de limpeza que deixaron en herdanza grandes pistas por lugares que antes non eran transitados.

Aos doce quilómetros, como dicíamos, atopamos o mosteiro en Oia, o mesmo mosteiro en que Afonso A. Cáccamo constrúe a ficción de Broustenac, o neno monstruoso que lle deu a felicidade eterna aos habitantes do mosteiro cando se iniciaba a decadencia. O mesmo mosteiro ao que acudía Pedro, o protagonista de *Un home de Vilameán*, a novela de Xoán Bernárdez Vilar, como tantos

outros galegos e galegas nos anos 1200 e posteriores, para recibir, suxeitas ao foro, as terras en que habían de traballar: Sancha Lordeo, Joanino Dogresso e Marina de Deus, Marina do Rosal, João Fernandes, Pedro Eanes e Marina Anes, Maria Peres e Maria Fernandes, Fernan Eanes, chamado o Calvo, João d'Amor e Leocadia Perez, Joham Pequeno, Fernan Eanes do Carvallar ... Outros ían para doar os seus bens ao mosteiro, como João Peres que, en 1271, doa as viñas que posuía en Fornelos, ou Fernão Soares que doa a viña que herdara en Ferreiros, ou os veciños de Baiona que, en 1281, segundo declaran o seu prelado João do Ramo e o cóengo de Tui, João d'Areas, renuncian a todos os dereitos sobre os bens legados ao mosteiro de Oia. Ao lado dos nomes destes nosos avós e avoas, aparecen as antigas denominacións das terras que hoxe coñecemos: A Guarda, Oia, Thorono ou Toroño, Val do Outeiro, Fornelos, Rosal, Tebra ou Amorín. Todos estes datos aparecen nos documentos que Clarinda de Azevedo Maia empregou para a súa *Historia do galego-portugués*. O Mosteiro de Oia é hoxe un exemplo do estado dunha parte do

BAIXO MIÑO

patrimonio galego que, en mans privadas, sofre o abandono, que en moitos casos producirá danos irreparábeis.

Se continuamos cara a Baiona chegaremos ao extremo da comarca, sinalado polo imponente cabo Silleiro e o seu faro.

Os monxes cistercienses de Oia deberon loitar contra os turcos en 1624, anos despois de que atacasen a Ría de Vigo e asolasen Cangas. Mais estes monxes que defenderon o pobo naquela altura foron denunciados polo pobo en 1678 polas súas extorsións.



Praia Area Grande

Alfonso Alvarez Cáccamo, escritor vigués afincado en Oia na actualidade, sitúa neste mosteiro, no ano 1835, o nacemento dunha criatura fabulosa: Broustenac, unha historia fantástica que ten de pano de fondo a historia real da desamortización do mosteiro, que no canto de pasar á propiedade do pobo, é vendido por 6.000 reais. Aquel comprador recuperou o gasto vendendo soamente os cadros colgados dos seus muros. En 2005 o mosteiro cambiou de propietarios. En todos estes anos os seus muros esboróanse vítimas do desinterese e dun proxecto calculado que, baixo o pretexto de que non merece a pena recuperar o que se estragou, arrasa a historia e trae unha modernidade mal entendida, como a que podemos atopar camiño de Silleiro, no hotel Thálaso Atlántico, unha auténtica mole de grande impacto visual construída desfacendo a aba do monte.

Se viaxamos pola comarca nos meses de maio ou xuño, deberemos visitar os curros, que é a denominación metonímica (o curro é o cerrado en que se fechan os cabalos) que nesta zona de Galiza recibe a Rapa das bestas. En Oia iníciase a tempada, pois nesta

BAIXO MIÑO

localidade teñen lugar os tres primeiros curros: o da Valga o segundo domingo de maio, o de Torroña o primeiro domingo de xuño e o de Mougás o segundo domingo de xuño. Nos curros os cabalos ceibos son agrupados, desparasitados e vendidos, marcados.



Mosteiro



Curro de Valga

Tamén se celebra aquí un dos poucos “curros das moscas”, na Valga, o primeiro domingo de agosto, para desparasitar os cabalos.

Chegamos ao final do nosos percurso sen esquecer que, no mosteiro que hoxe se derruba, ante a gamboa esquecida, ferveu a vida medieval de toda unha comarca. A vida relixiosa e terrea. Cara ao norte, en Mougás, fervía a vida dos seres fantásticos, ou quizais reais. É alí, nas abas da serra do Argallo, nas pozas furadas no leito de granito, ás que se sobe por unha pista sinalizada á dereita do noso traxecto, onde nacen as lendas de damas afogadas. Din que na Poza Maior aínda se pode ver unha dama que nas noites de luar

xorde inexplicabelmente para afundirse na poza, unha fermosa dama de ollos verdes e longuísima cabeleira negra.

*"Tamén eu de ollos verdes prendidos
ignorando a vertixe da fervenza
e a certidume dos pozos
(inmensos pegos)
andei o camiño de leite que Lúa deu
e convertinme para sempre en afogada,
tamén eu,
que coñecía as lendas e os perigos*

*tamén eu andei na Poza Maior
e aínda que os meus cabelos non eran negros
quixen o corpo esvelto
que Lúa levou sen présa
ao fondo da poza
ao silencio definitivo da auga*

*a illa estaba
do outro lado da noite"*

Marta Dacosta, As amantes de Hamlet